

# L A T E X O S 21

vertix  
sonora 10  
anos

---

Concerto 1

Domingo 28 Febreiro ás 19:00 horas

## Encrucillada para dous pianos

---

かへり見れば

行きあひし人

霞みけり

Cando mirei cara atrás

o home co que me cruzara

esvaeceráse na néboa

Masaoka Shiki (1867-1902)

**Shikoku Henro**, o camiño Shikoku, a ruta dos 88 templos budistas na máis pequena das illas do arquipélago nipón ten a súa orixe no século IX. Consiste nunha peregrinación circular de 1.400 quilómetros de lonxitude nun entorno natural espectacular, moi apreciado por persoas que procuran unha conexión fonda, complexa e sensible, coa natureza. Atribuída a Kūkai, 空海, (774-835) monxe xaponés, funcionario público, erudito, poeta e artista, famoso como calígrafo e enxeñeiro e fundador da corrente Shingon; Camiño de culto, estudo e introspección, o **Shikoku Henro**, doce séculos despois, mantén a súa esencia para o medio millón de persoas que o percorren cada ano.

Como na *Ruta Xacobe*, no **Shikoku Henro** pódese percorrer un tramo específico, pero a diferenza doutras vías non ten un comezo nin un final estritos. O habitual é camiñar no sentido das agullas do reloxo, simbolizando as distintas etapas do proceso de meditación que, en paralelo ao camiño físico, percorre o peregrino ("esperar, disciplina, iluminación e nirvana"). O templo Ryozenji na cidade costeira de Naruto, famoso polos seus xigantes remuíños en cada cambio de marea, tende a considerarse como o templo número 1; sendo o 88 o de Okuboji, situado na cidade de Sanuki, cuxa contorna está declarada paisaxe sonora de Xapón pola musicalidade única das súas campás.

O dispositivo instrumental, dous pianos, representa precisamente a Galicia e a illa de Shikoku en Xapón despregando a ollada de tres compositores para reflexionar na dicotomía filosófica, que establecen o Camiño de Santiago e a ruta de peregrinación xaponesa.

As dúas rutas de peregrinación crúzanse en 2015 a través dunha irmandade chamada a aumentar o entendemento mutuo e os intercambios culturais. Xapón e Galicia, que malia a abismal distancia física teñen tantas características comúns na paisaxe, na hospitalidade ou no seu respecto polas tradicións, suman o espírito de concordia das súas rutas nas que o paso dos camiñantes ao longo dos séculos enriquece as súas aldeas.

**Toshio Hosokawa** (Xapón, 1955) *Yoru no kuni* [País da noite] (1981) 2 pianos

**José María Sánchez-Verdú** (España, 1968) *Arquitecturas en branco e negro* (2009)  
2 pianos amplificados

**Noriko Miura** (Xapón, 1968) *Zwei Augen* [Dous ollos] (2014/17) 2 pianos

**Jacobo Gaspar** (España, 1975) *Nōkyōchō / Libro de Escoitas II\** (2020) 2 pianos

\*Estrea absoluta. Encomenda de Vertixe Sonora

VERTIXE SONORA David Durán, Haruna Takebe *pianos*

## **Yoru no Kuni [País da noite]**

*Yoru No Kuni*, de 1981, de Toshio Hosokawa é unha partitura que estivo durante décadas esquecida logo dunha única audición, na estrea, e de que o compositor decidira non incluíla posteriormente no seu catálogo. Non son páxinas editadas pero foron redescubertas e recuperadas por David Durán así como (re)estreadas por Vertixe Sonora en 2017 directamente dende o manuscrito. A composición inspírase nun poema do poeta e dramaturgo surcoreano Kim Chi-Ha e trátase da única obra de Hosokawa de explícitas connotacións políticas. Estamos ante unha obra de material sonoro e recursos técnicos situados na vangarda europea máis experimental; na temática apunta claramente ao seu profesor Isang Yun e na factura técnica ao seu amigo e mentor Helmut Lachenmann (e á *Musique Concrète Instrumentale*).

## **Arquitecturas en branco e negro**

No vasto e (re)coñecido catálogo de Sánchez Verdú aprécianse como unhas constantes os seus amplísimos intereses culturais, inquedanzas que inclúen o eido literario (de Goytisolo á literatura árabe e persa, por exemplo), unha exquisita interacción co cine (*Nosferatu. Eine Symphonie des Grauens* de Murnau e *La chute de la maison Usher*, de Epstein), unha aquilatada relación coas artes plásticas; e un especial vencello con outras músicas (a medieval, a renacentista e tamén aquelas doutras culturas como é precisamente a xaponesa –chegando mesmo a incorporar instrumentos tradicionais nas súas composicións).

O uso no título da palabra Arquitecturas, –que conforma xa todo un subxénero na súa produción–, fai referencia a un proceso constructivo de elementos estruturais que se repiten na súa música. En canto á súa fascinación pola cor, podemos ubicala dentro da súa relación con outros ámbitos sensoriais: «*Para mí es muy importante la sinestesia. Al trabajar determinados tipo de obras con ruidos, alturas, resonancias, timbres concretos, etc., los asocio a determinados colores, texturas, matices...*»

Neste caso as cores son dúas: o branco e o negro, y dentro delas múltiples matices así como unha obvia referencia ás cores do teclado do piano. O marcado carácter desta composición imprímese dende unha tímbrica moi definida con sons apagados, opacos (procedentes das cuerdas muteadas ou dende o propio ruído dos pedais) e un extraordinario tratamento textural nos singulares e suxestivos procesos repetitivos que dirixen as enerxías cara resonantes silencios e convidan a unha «profunda escoita». En efecto, son moi oportunos os propios termos do compositor ao describir as súas obras: enerxías, repeticións, silencios, laberintos, «peregrinacións a través de la materia».

## **Zwei Augen [Dous ollos]**

O psicólogo xaponés Hayao Kawai sinala nos seus textos como esencial a necesidade de "dous ollos". Son os ollos os que intentan comprender unha situación en tres dimensións combinando máis de dúas miradas precisas segundo a situación nese momento. Aquí, "ollo" substitúese pola palabra "mirada". Desde tempos antigos moitos pensadores describían dualidades de varios mundos, dous aspectos que se inclúen simultaneamente nun mesmo obxecto, como a luz e a escuridade, o movemento e a quietude, a presenza e a ausencia, realidade e irrealidade. Hoxe en día, nunha sociedade chea de información, existen circunstancias para que a xente poida cultivar a mirada. Non obstante, debido en gran parte á globalización, os dous ollos que posuímos orixinalmente simplifícanse por un lado. o risco de perder unha ollada. Os textos de Hayao Kawai como aviso á idade actual. Compuxen esta peza para dous pianos como dous ollos. Os dous pianos observan o mesmo obxecto e ao mesmo tempo teñen dúas perspectivas. Ademais, explorei a tridimensionalidade do son e a música dun xeito que non se podía producir cun só piano.

Noriko Miura, 2014

## **Nōkyōchō / Libro II de Escoitas**

Un Nōkyōchō é o caderno no que se rexistra a visita dos peregrinos a cada un dos templos que compoñen a ruta de peregrinación xaponesa coñecida como Shikoku Henro, ruta circular na que se percorren 88 templos budistas e que se coñece tamén como o Camiño de Santiago xaponés.

Esta obra trata de establecer unha reflexión arredor da dicotomía que estas dúas vías de peregrinación exhiben atendendo ás diferencias na súa traxectoria, que nun caso é lineal e no outro circular. Así, podemos relacionalas respectivamente con dúas concepcións temporais distintas, unha, a lineal propia do pensamento occidental moderno e, outra, a circular que nos remite ao mundo oriental en xeral e que está intimamente ligada aos ciclos da natureza.

Os libros de escoitas son un serie de pezas que, a través de distintos camiños poéticos, amosan experiencias de escoita diferenciadas dun mesmo instrumento, como se fosen páxinas distintas dun mesmo libro sonoro. Neste caso, o orgánico instrumental empregado está conformado por dous pianos, o que nos permite doblar espacialmente as posibilidades da fonte de partida.

Jacobo Gaspar Grandal, 2021



## Vertixe sonora

---

Desde a súa aparición en 2011, Vertixe Sonora converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa presenza en todo o territorio e a permanente estrea de novas obras permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente insubstituíble para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global e en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada que dinamiza o ecosistema musical europeo, favorecendo o intercambio e a cohesión a través da música do noso tempo. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras no CGAC, Do Audible (encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos), o Festival MIHLSonsXXI na cidade de Lugo e o Festival Internacional de Creación de Música Contemporánea Vertixe Sonora son algunhas das contribucións que están a renovar a audiencia musical en Galicia.

Premio Martín Códax 2016 de Música clásica contemporánea, realizou 135 estreas absolutas de compositores de 32 países. En España levou o seu repertorio á Mostra Sonora de Sueca, Festival XXXVI Encontre Internacional de Compositores en Mallorca, Ciclo BBVA de Música Contemporánea de Bilbao, Festival SON de Madrid, Festival SMASH de San Sebastián, Festival Bernaola de Vitoria, ensemble residente do Festival MIXTUR de Barcelona e no XXVII Premio Novos Compositores Fundación SGAE\_CNDM 2016 no Auditorio 400 do Museo Nacional do Centro de Arte Reina Sofía.

O seu recoñecemento internacional permitiulle estar presente no Festival Oh Ton de Oldenburg (Alemaña), Festival Electr()ction de Brest (Francia), Levande Musik en Goteborg e Samtida Musik de Estocolmo (Suecia), Festival Síntese en Garda e Castelo Branco (Portugal), Festival de Música Nueva de Monterrey (México) ou CSUF New Music Series do Meng Fall Fullerton en California (EE.UU), ensemble residente do Festival SoundSCAPE de Cesena (Italia).

O 2019 levounos ao Festival Callejón del Ruído en Guanajuato (México), ao Festival Música Viva en Lisboa (Portugal) e ás cidades de Basilea (Suíza), O Porto (Portugal) e Strasburgo (Francia).

O seu labor foi recollido nos documental Correspondencias Sonoras (2013) de Manuel Do Río e son[UT]opías (2014), de campUSCulturae, na Universidade de Santiago de Compostela. Manuel del Río presentou en outubro o documental *Enrique X. Macías. A lira do deserto* (2020), que gravou conmemorando o 60 aniversario do nacemento do compositor e produciu o ensemble co gallo do aniversario do pasamento do compositor.

Entre as gravacións realizadas destacan o ciclo Die Wanderung da compositora Lula Romero en *Ins offene* para WERGO e *The dimension of fragile*, monográfico sobre o compositor mexicano Víctor Ibarra para NEOS.

---

Actividade subvencionada polo Ministerio de Cultura e Deporte

